Flora

CATEGORÍAS RELACIONADAS

[Ditos e refráns dos cogomelos]Os choupíns

O choupin é un cogomelo do xénero diferenciado na família Lepiotaceae Macrolepiota tendo como xustificación primordial o tamaño das especies nel comprendidas. Os seus sombreiros (ou puchos) son escamados e mamelón central, con láminas de cores branquecinas e libres. O pé, frecuentemente bulboso, con aneis dobres ou sinxelos que se desprazan e nalgúns casos desaparecen.

O tamaño dos cogomelos deste xénero levou a crer na media verdade de que todas son comestibles. Se é certo que son excelentes comestibles a Macrolepiota Proceira e Macrolepiota Rhacodes, e tamén que as Lepiotas de pouco tamaño poden ser moi perigosas, mesmo mortais, pero non entran dentro das Macrolepiotas.

A máis pequena destas é a Macrolepiota Phaeodisca que acada os 11 cm. de diámetro e non é tóxica. Pero non todas son comestibles, hai variedades da citada Macrolepiota Rhacodes, a Veneneta e a Bohemica, que producen transtornos gastrointestinais severos. O tamaño máis curto do pé e a forma das escamas do sombreiro diferéncianas da Macrolepiota Veneneta, case se forma unha única escama en forma de estrela, e na Macrolepiota Bohemica, moito máis escasas e menos profundas que na Macrolepiota Rhacodes.

A Macrolepiota Procera (Choupin, Cogordo, Palotes, Zarrota, Monxo..., é o cogomelo que máis nomes ten en galego, supera os cincuenta), é o fungo máis popular e a máis buscada en Valdeorras, en Trives e O Bolo.

Cando se atopa un cántase en toda a Ribeira do Sil:

Choupín, choupiñeiro, dime ónde está o teu compañeiro

Xa cando o Sil verte as augas no Miño, o cantar muda e di:

Zarrota, zarroteira, dime ónde está a túa compañeira

Antes de comezar a usar productos químicos e herbicidas nos viñedos, atopábanse con moita facilidade estes cogomelos; cando se vía un supoñíase que moi preto estarían as súas compañeiras.

Os palotes do rebusco teñen dobre gusto

Este dito refírese a que uns días despois das vendimas se permitía a quen quixera fose rebuscar as uvas que quedaban nas viñas e se, ademais das uvas, atopaban palotes a satisfacción era dobre.

A Macrolepiota Procera e outras máis de tamaño grande, cando aínda están pechadas chámanse □Palotes□; se comezan a abrir □Monxos□. E se xa abriron, dise:

□O Monxe xa dixo a misa□, e aínda vale para comer.

Cando din:

□Fungo funil, nin pa ti, nin pa min□, este dito referido aos Choupíns quere dicir que xa están pasados e toman a forma dun funil. Aínda que, ollo, temos cogomelos que xa nacen en forma de funil e son comestibles.

□Sete nun pé, choupínn malo é□

A Macrolepiota Rachodes, variante Boemica, Macrolepiota Rachodes, variante Venenata, aínda que algo tóxicas, creo que se lles produce a súa toxicidade por xurros ou productos en descomposición en hábitats moi determinados.

□Chupín pequeno, fol de veneno□

Os choupíns pequenos, Lepiota Brunneoincarnata, son moi velenosos ou tóxicos. Semellan unha Macrolepiota Procera, pero en pequeno, sen sobrepasar os 8 cm. de altura. A súa carne vólvese roxiza ao cortala. A súa intoxicación provoca síntomas semellantes aos da Amanita phalloides.

Este fungo foi o causante de varias intoxicacións mortais; foran recollidos nuns xardíns públicos.

Hai que ter moito cuidado de non apañar nunca as especies de Lepiota de tamaño pequeno, das que, por certo, temos moitas en Galicia.

[Texto e foto achegados por Cristovo Ruíz Leivas

]

BIBLIOGRAFÍA

RUÍZ LEIVAS, Cristovo / EIROA GARCÍA-GARAVAL, Juan A., Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos, Cadernos de Fraseoloxía Galega, 4, 2002, páx. 363-379.